

Expte. nº 8/2016: "ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"

Asunto: Adxudicación do LOTE B

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento aberto para a contratación do **"ARRENDAMENTO DE DÚAS EDIFICACIÓNS CON DESTINO A ALMACÉN PARA OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE SANXENXO"**, coa presentación da documentación requirida ao licitador proposto para a adxudicación deste contrato e vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal de data 6 de xullo de 2016, esta Alcaldía **RESOLVE**:

1º) Adxudicar o contrato do aluguer da edificación con destino a almacén para os distintos servizos do Concello de Sanxenxo, correspondente ao LOTE B a Dona Elvira Balboa Dobalo, Don Elisardo Balboa Dobalo e Dona Javiera Eladia Villalustre Casaldarnos

A duración do contrato é DUN (1) ANO, a contar dende a data de formalización do contrato, coa posibilidade de **DÚAS (2) prórrogas DUN (1) ANO** cada unha, polo que a duración do contrato será, como máximo de **TRES (3) ANOS**.

O prezo do contrato é de MIL DOUSCENTOS CINCONTA E OITO CON CORENTA (1.258,40) EUROS/MES (IVE ENGADIDO).

A presente adxudicación será conforme aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polos que se rixe esta contratación, e a oferta presentada polos adxudicatarios, debendo procederse a formalización do contrato en documento administrativo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, conforme o sinalado na **cláusula 17ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación presentouse unha soa plica, a sinalada no punto 1º), sendo admitida e que resultou ser a proposta como adxudicataria pola Mesa de Contratación, en sesión celebrada o 1 de xullo de 2016, que de acordo ao informe de valoración emitido polo Arquitecto Municipal en data 28 de xuño de

2016, respecto ao criterio subxectivo, dependente de xuízo de valor e recollido na cláusula 9 do prego administrativo, obtivo unha puntuación de 25,00 puntos, e de acordo ao disposto na cláusula 10 do prego, lle foi otorgada unha puntuación de 26,66 puntos, polo criterio do prezo; **obtendo unha puntuación total de 51,66 puntos.**

3º) Notificar esta resolución ao licitador presentado a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a seis de xullo de dous mil dezaseis.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral



Angel Luis López Pita